



**CONVENIO REGULADOR PARA CONCESIÓN DIRECTA DA SUBVENCIÓN-CULTURAL
PARA O ANO 2020 ENTRE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A ENTIDADE
REVENIDAS S.C.**

En Vilagarcía de Arousa, a 7 de setembro de 2020

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Alberto Varela Paz, Alcalde-Presidente, do Concello de Vilagarcía de Arousa, con enderezo en Praza Ravella nº 1 – 36600 - Vilagarcía de Arousa, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21-1b) DA LEI 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Doutra, Don José Antonio González Boulosa, con DNI 52.490.050-W como Administrador da empresa REVENIDAS S.C. con C.I.F.: J-94117678 con enderezo en Rúa da Bouza de Abaixo nº 33-1 de Vilaxoán – 36611 – Vilagarcía de Arousa, actuando en representación da devandita entidade/institución.

Ámbalas dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO: NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Por un lado, a lexislación autonómica, “Lei 9/2007 de 13 de xuño, de xuño de Subvencións de Galicia e o “Decreto 11/2009 de 9 de xaneiro, Regulamento da Lei 9/2007”.
- Por outro lado, afecta a lexislación estatal nos seus preceptos básicos: “Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións” establece no capítulo III no artigo 28 o procedemento de concesión directa de subvencións e o “Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, Regulamento da Lei 38/2003”



SEGUNDO: NORMATIVA ESPECÍFICA

O artigo 25.2.m da Lei de Bases de Réxime Local establece como competencia propia dos concellos “a promoción da cultura e equipamentos culturais”, sendo un dos propósitos deste concello incentivar a creación cultural apoiando material e economicamente os procesos creativos e promover o patrimonio cultural, organizando, subvencionando, patrocinando e colaborando en todos aqueles eventos a favor da conservación e defensa da tradición cultural do noso pobo, así como a formación, promoción e produción de actividades de toda índoles (festivais, exposicións, patrimonio, historia...) de interese xeral e para todo o público en xeral.

TERCEIRO: A subvención que se tramita non pode ser obxecto de publicidade e concurrencia o tratarse de actividades concretas realizadas por unha única entidade/ persoa, ou que sendo realizada por varias , concédense a tódolos solicitantes.

CUARTO: Acredítase o interese público, social, económico da subvención, destinada a:

- promoción e difusión da cultura popular, con actuacións musicais dentro do Festival Revenidas con actuacións en galego e a busca de novos talentos
- Fomentar e promocionar a creación e a composición musical como expresión cultural
- Fomentar a participación cidadá, realizando actividades para novos e maiores, unha mestura de xeracións, xeografías e inquedanzas, baixo o interese común dos produtos musicais galegos.
- Axudar a dinamización e promoción turística do noso pobo
- Compromiso social, coa colaboración do programa Vacaciones en Paz recadando fondos para os campos de refuxiados do Sáhara, ademáis de convidar a nenos e nenas saharauis a disfrutar das actividades do Festival.
- Apostar pola reciclaxe e coidado do medio ambiente, separando todo o vidro xerado no Festival.

QUINTO: O solicitante manifesta non estar incurso en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o artigo 10.2 da Lei 9/2017 de Subvencións de Galicia, que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando o corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Conello de Vilagarcía de Arousa.



CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: XUSTIFICACIÓN DA CONCESIÓN DIRECTA DA SUBVENCIÓN

REVENIDAS S.C. é unha empresa que comezou a súa actividade en 2017, que dende este ano (2017) organiza o Festival Revenidas de Vilaxoán, que comezou a súa andaina no ano 2003 da man dunha asociación de rapaces e rapazas deste pobo, que querían facer algunha actividade cultural na súa vila. Recuperaron unha antiga tradición deste porto mariñeiro de Vilaxoán que se realizaba dende os primeiros anos do pasado século, unha gran sardiñada popular. Tras o bo resultado desta pequena iniciativa, decidiuse celebrar, aparte da gran sardiñada, un Festival no que tiveran cabida concertos, actividades e espectáculos para todos os públicos.

Revenidas está dentro do calendario dos festivais galegos por continuidade, por cantidade como en calidade e por ter un estilo propio e inconfundible. Ao lado do mar, na Ría de Arousa, na vila mariñeira de Vilaxoán, reúnense cada verán artistas de dentro e de fóra do país, unidos por sons mestizos á vez que de marcado carácter popular. Artistas que acompañan e promoven a festa, e que reivindicán a cultura e o espazo público como patrimonio dos cidadáns.

O Festival é unha ferramenta indispensable para dinamización da vila así como de todo o Concello de Vilagarcía de Arousa, que aglutina tanto os intereses dos máis novos, como dos maiores, e que achega a xente de todas partes de España e este pequeno enclave da Ría de Arousa.

Revenidas S.C., pretendía celebrar este ano 2020 o Festival Revenidas seguindo a esencia de todos os anos pero dado a situación de crise por COVID 19, que impón limitacións de aforo, obriga ao replantexamento da iniciativa principal, polo que o festival no seu formato habitual pospuxose para o ano 2021.

Para este ano 2020 óptase por unha versión diferente, reducida e adaptada a nova normalidade. Esta nova versión denominase REVENIDAS EN CONSERVA, que manterá a



súa natureza, que axuden a dinamizar cultural económica e turisticamente en Vilaxoán e o Concello de Vilagarcía.

Este evento realizarase en formato presencial, sempre e cando polas autoridades competentes non indique novas normas para estes eventos; se por motivos da situación sanitaria neses días o festival non se poidera realizar de xeito presencial, faríase en streaming, emitindo por redes sociais e dando a oportunidade ao concello de retransmitir nelas os eventos que crea oportunos.

SEGUNDA: OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vilagarcía de Arousa, dentro das competencias atribuídas pola lexislación vixente, ten a promoción cultural e turística. Neste caso mediante a realización de concertos, tanto en espazos pechados como ao aire libre, que supoñen, pola repercusión mediática que xeran, unha ampla difusión e promoción das nosas tradicións culturais como dos atractivos turísticos de Vilagarcía de Arousa, xa que son moitas as persoas que acoden a disfrutar das actuacións destes concertos, o que deixa importantes beneficios no sector da hostalería en xeral.

REVENIDAS S.C. contribuirá a satisfacer os intereses culturais e inquietudes do Concello de Vilagarcía de Arousa e dos seus habitantes, mediante o fomento de actividades culturais, sociais e humanitarias a desenrolar dentro do municipio mediante o desenvolvemento dun labor social, contribuíndo a conservación do patrimonio cultural e musical a través do Festival **REVENIDAS EN CONSERVA**.

TERCEIRA: ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR:

II- A actividade a subvencionar e celebración de **REVENIDAS EN CONSERVA**, que supón distintas actividades e concertos musicais para todo público familiar, os días **10, 11, 12 e 13** de setembro, concedéndose a cantidade de **15.000,00€** con cargo a aplicación orzamentaria 334-479 do estado de gastos e a ceder o uso das instalacións municipais dispoñibles para a celebración desta actividade en caso de que as inclemencias do tempo non o permitan celebrar en Vilaxoán, e sexa preciso o traslado a espazos cubertos.



CUARTA: INICIO DO PROCEDEMENTO.

Para o inicio do procedemento de concesión da subvención e preceptivo que o Beneficiario presente no Rexistro Electrónico do Concello (sede.vilagarcia.gal) a solicitude correspondente xunto con un proxecto do que pretende realizar que conterà unha estimación global de gastos e ingresos. Seguidamente o Departamento tramitará a solicitude ao órgano de aprobación que corresponda xunto cunha proposta, informe se procede e borrador do convenio.

Unha vez aprobada a tramitación da subvención, a entidade remitirá un borrador do convenio que deberán presentar electronicamente xunto co orzamento de gastos e ingresos para o ano 2020 (modelo Anexo I). Presentarase no prazo máximo dun mes a contar dende a recepción do modelo de convenio que será remitido polo departamento do Concello que corresponda.

Posteriormente o departamento presentará a documentación anterior asinada polo Alcalde ou Concelleiro en que delegue, ao órgano correspondente, para a aprobación da concesión da subvención.

QUINTA: OBRIGAS DA BENEFICIARIA.

Revenidas S.C. , comprométese a:

- I.-** Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- II.-** Incluír en toda a programación da actividade subvencionada a imaxe corporativa que nese momento teña establecida o Concello de Vilagarcía de Arousa.
- III.-** Xustificar ante o órgano que concede a subvención ou entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
- IV.-** Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, achegando canta información lle sexa solicitada no exercicio da realización da actividade.



V.- Comunicar ao órgano que concede a subvención ou a entidade colaboradora a obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionada, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

VI.- Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de recoñecemento da obriga que se está o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública a Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

VII.- Revenidas S.C. comprométese a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

VIII.- A Entidade Revenidas S.C. comprométese, a estar o corrente coas súas obrigas tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma) coa Seguridade Social e non ter débedas de ningún tipo có Concello de Vilagarcía de Arousa.

SEXTA: OBRIGAS DO CONCELLO:

I.- O Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese a publicitar por todos os canles de que dispón, todas as actividades previstas no evento a subvencionar.

II.- Unha vez xustificado debidamente nos termos da lexislación vixente o cumprimento do obxecto da subvención, e fiscalización de conformidade, o Concello comprométese ao recoñecemento da obriga e pagamento da subvención.

III.- Para o recoñecemento da obriga é imprescindible a execución íntegra do obxecto da subvención no seu labor público, social económico, así como de conservación do patrimonio, o que deberá ser valorado polo órgano de xestión responsable da área, e debidamente xustificado.



SÉTIMA: FINANCIAMENTO:

O pagamento íntegro da subvención será efectiva unha vez realizada a actividade subvencionada, previa presentación da documentación xustificativa da mesma na sede electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal), segundo a Lei 39/2014 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. **(ver documentación a presentar na cláusula IX e normas de presentación de documentación na cláusula X)**

O Concello de Vilagarcía de Arousa, comprométese a conceder a cantidade de **15.000,00€**, pola realización do **Revenidas en Conserva** con cargo a aplicación orzamentaria **334-479** do estado de gastos.

A presente subvención é compatible coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, poderán superar o custe da actividades subvencionada.

OITAVA: GASTOS SUBVENCIONABLES:

I.- Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecidos (art. 29 da Lei de Subvencións de Galicia 9/2007)

II.- Cando os importes do gasto subvencionado superen as contías establecidas na lei 9/2017 de 9 de novembro de Contratos de Sector Público para o contrato menor, o beneficiarios deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, **salvo que por as súas especiais características non exista no mercado suficiente número que os realicen, presten ou subministren. Neste caso deberán xustificar debidamente, mediante informe ou declaración, indicando motivo de presentación dunha sola oferta.**

III.- En ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, así como os persoais sobre a Renta (art. 29.8 da lei 9/200 de subvencións de Galicia)



IV.- Non serán subvencionables os gastos por dietas e desprazamentos que non garden relación coas actividades recollidas neste convenio, así como calquera gasto que derive de actividades propias da empresa, salvo autorización expresa da Concellería de Cultura.

NOVENA: XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN:

A xustificación deberá presentarse o antes posible no Concello. Non obstante a data límite para a presentación da documentación xustificativa é o 15 de novembro de 2020

I.- Revenidas S.C. comprométese a xustificar durante o ano de vixencia da Subvención Cultural, a cantidade acordada, (**gasto elixible do 1 de xaneiro de 2020 ao 15 de novembro de 2020**) con todos os documentos necesarios nos termos do artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia 9/2007, e en todo caso antes do **15 de novembro de 2020**

II.- Deberá xustificar o 100% do importe subvencionado para a percepción íntegra da subvención, unha menor xustificación dará lugar a un recoñecemento proporcional da axuda comprometida.

III.- Considerase gasto realizado aquel que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

IV.- A efectos de **XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS**, será requisito necesario a presentación, mediante escrito dirixido á Concellería da área que a concedeu, da Conta xustificativa que conterà:

1.- Anexo I- Balance de ingresos e gastos previstos da actividade. Este documento deberá presentarse xunto co convenio asinado tal e como establece a cláusula IV.

2.- Memoria técnica do desenvolvemento das actividades da entidade a data presentación da xustificación, asinada polo representante legal da entidade, cos seguintes puntos básicos:

- Introducción/Xustificación
- Obxectivos
- Programación: actividades/servizos desenvolvidos
- Persoas destinatarias/beneficiarias
- Temporalización
- Recursos utilizados
- Avaliación e conclusións.



3.- Anexo II.- Memoria económica xustificativa do custo segundo o Modelo de Conta xustificativa de subvencións, asinada polo representante legal da entidade, que conterá:

- Relación de todos os gastos realizados e recollidos no Anexo III que deberá ser suficiente para xustificar a subvención do Concello.
- Relación detalladas **de todos os ingresos** con que se financiou a actividade (incluíndo a subvención concedida) con indicación do seu importe e procedencia.
- Declaracións segundo os puntos b) ata g).

4.-Anexo III.- Relación de facturas/gastos para xustificar a subvención concedida polo Concello (deberase cubrir todas as columnas do anexo)

5.- Facturas orixinais ou fotocopia compulsada das mesmas, cos requisitos establecidos no R.D.1619/2012.

a) Como mínimo conterán:

- nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
- Denominación social, nif e domicilio de quen expide a factura e do destinatario
- Descrición e data de realización da operación.
- Importe, desglose do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Non se admitirán facturas no que se faga constar “IVE incluído”. Este desglose recollerase nos anexos III e IV.
- Recargos, descontos e retencións aplicables.

b) Ademais nas facturas, deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:

- Deberase utilizar con carácter xeral e preferentemente os medios de pago electrónicos (transferencia bancaria, tarxetas, talón nominativos...etc.)
- Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón deberá aportarse extracto bancario coa dilaencia da entidade bancaria que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario.
- As operacións cun importe superior aos 2.500€ non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 7/2012 de 29 de outubro, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente. Esta previsto a modificación deste límite, pasando de 2.500€ a 1.000€, polo que a Entidade deberá ter presente esta modificación aos efectos do cumprimento da lexislación vixente en materia de pagos en efectivo.



- No caso de que o pago non poida facerse por medios electrónicos, deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
 - “pagado” ou “recibín”,
 - data do pago
 - firma e identificación da mesma (dni ou nome completo de que asina)
 - Selo da empresa.

6.- No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique a porcentaxe aplicable á actividade.

7.-Anexo IV- Relación de facturas/gastos para xustificar subvencións doutras Administracións Públicas, seguindo as seguintes instrucións:

- A xustificación doutras subvencións públicas realizarase a través da presentación do Anexo IV, presentando un anexo por cada organismo público do que se teña concedida axuda/subvención.

-De non ter presentada a documentación xustificativa noutros organismos públicos, aportarase igualmente o citado Anexo IV coa relación de facturas afectadas ás citadas subvencións (cumprindo o establecidos nos puntos 4, 5 e 6) ou indicación de que a actividade non está realizada.

8.- Anexo V- Balance de Ingresos e gastos reais ou realizados. No caso de poderse presentar o balance antes da conclusión da actividade deberá presentarse Avance do Balance de ingresos e gastos realizados ata o momento de presentación da xustificación .

9.- Anexo VI- Declaración responsable ou Certificados de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Certificados da AEAT, Consellería de Facenda e Seguridade Social). Os certificados deberán ter unha validez suficiente para a tramitación do expediente.

Segundo o artigo 11. h) e i) do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro (Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia), unha Declaración Responsable do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social substituirá aos certificados sinalados anteriormente nas subvencións para gastos correntes (capítulo IV) e naquelas subvencións para gastos de capital (capítulo VII) nas que a cantidade a outorgar a cada



beneficiario non supera os 3.000€, sempre que os destinatarios das subvencións sexan familias ou institucións sen fins de lucro. Neste caso presentarase o **anexo VI**.

Esta documentación presentarase con convenio asinado no caso de que se solicite anticipo da subvención.

10.- Certificación bancaria do número de conta.

11.- Fotocopia DNI do/da representante da Entidade.

12.- Fotocopia do NIF da entidade.

13.- Certificación expedida polo secretario/a da entidade solicitante, de que a persoa que asina a solicitude é a representante legal da entidade ou documento donomeamento da mesma.

14.- Unha vez finalizado o exercicio 2020, a documentación económica correspondente á totalidade da actividade deberá estar a disposición dos órganos do Concello que precisen realizar labores de comprobación e/ou fiscalización.

DÉCIMA.- FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DO CONCELLO

Tendo en conta que o rexistro electrónico do Concello non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

-Un pdf que conteña un índice de toda a documentación presentada

-Un pdf por cada anexo.

-Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que corresponda.

-Un pdf coa documentación que se esixe nos puntos 10 a 13 da cláusula VIII do presente convenio e no mesmo orden en que piden.

-Un pdf coa listaxe de facturas (Anexo III) acompañado coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da



relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).

-Un pdf coa listaxe de facturas (Anexo IV) e nos casos que proceda deberá vir acompañado coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).

-Calquera outro documento que se queira agregar deberá vir de xeito independente. (PE: informe xustificativo de imputación de gastos de nóminas...etc.)

Toda a documentación deberá vir asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

Os distintos arquivos deberan ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para subasinar

UNDÉCIMA.- O beneficiario queda obrigado a reflectir, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia da colaboración económica do Concello, nas condicións que lle sexan fixadas polos responsables do Área de Comunicación.

DUODÉCIMA.- A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia.

DECIMA TERCEIRA.- O beneficiario poderá ser requirido polos distintos departamentos do Concello para a presentación de calquera outra documentación que sexa necesaria.



DÉCIMO CUARTA.- CAUSAS DE REINTEGRO

Procederá o reintegro da subvención sempre que se dean calquera das circunstancias que se establecen nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia ou nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Cláusula ADICIONAL INFORMATIVA: (optativa segundo o tipo de subvención) :

1. Consideranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade e se realicen dentro do exercicio 2020 e segundo o disposto no art. 29 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
2. Deberá xustificarse o 100% do importe subvencionado para a percepción íntegra da subvención, unha menor xustificación dará lugar a un recoñecemento proporcional da axuda comprometida.

Nestes termos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervinientes afirmanse e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un só efecto, na data no encabezamento expresada.

Polo Concello de Vilagarcía de Arousa o Alcalde-Presidente D. Alberto Varela Paz e por parte de REVENIDAS S.C. D. José Antonio González Boullosa, administrador único da mesma,

Asdo.

D. Alberto Varela Paz
O Alcalde-Presidente

Asdo.

José Antonio González Boullosa
Administrador Revenidas S.C.